

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15837 *Real decreto lei 21/2017, do 29 de decembro, de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea en materia do mercado de valores.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O conxunto normativo formado pola Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE, e polo Regulamento (UE) n.º 600/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo aos mercados de instrumentos financeiros e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, representa unha das reformas máis importantes en materia de mercados e instrumentos financeiros experimentadas pola normativa europea en toda a súa historia.

O Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, comezará a aplicarse o 3 de xaneiro de 2018, data prevista, así mesmo, para a incorporación efectiva da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, ao dereito interno dos Estados membros após a modificación operada pola Directiva (UE) 2016/1034 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xuño de 2016, pola que se modifica a Directiva 2014/65/UE relativa aos mercados de instrumentos financeiros. A incorporación da citada directiva require unha adaptación en profundidade do réxime agora contido no Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores. Esta adaptación encóntrase actualmente en tramitación como Anteproxecto de lei do mercado de valores e dos instrumentos financeiros. Non obstante, resulta absolutamente indispensable adiantar a incorporación ao noso ordenamento xurídico de determinados aspectos da nova regulación para dotar as entidades financeiras e operadores do mercado e a Comisión Nacional do Mercado de Valores das garantías legais necesarias para que operen de acordo co Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, e coa Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, con todas as consecuencias xurídicas que isto implica, nun contorno de mercado único.

II

A este obxectivo de urxente e extraordinaria necesidade responde este real decreto lei, cuxas medidas principais se refiren a determinadas previsións que inciden no réxime xurídico dos centros españois de negociación de instrumentos financeiros e que están contidas na Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, modificada pola Directiva (UE) 2016/1034, do 23 de xuño de 2016. En particular, estas previsións refírense ás medidas organizativas para abordar a negociación algorítmica e as relativas á autorización e condicións operativas dos centros de negociación (contidas principalmente no capítulo I do título II e no título III da mencionada directiva). O cumprimento polos centros de negociación españois desas normas é un elemento determinante para a homologación de tales mercados para efectos do cumprimento de varias obrigacións establecidas no Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, en particular a obrigación que establece o dito regulamento para as empresas de servizos de investimento de executar as operacións sobre accións en mercados regulados, sistemas multilaterais de negociación ou internalizadores sistemáticos.

En concreto, preténdese garantir que nos centros de negociación españois se poidan executar operacións sobre accións admitidas a negociación neses centros. En ausencia desta medida, os intermediarios da Unión Europea poderían pór en serias dúbidas a súa

homologación aos estándares europeos considerando que os requisitos que introduce a Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, non estarían aínda incorporados ao dereito español. Se no 3 de xaneiro de 2018 non existir unha norma como a presente, a perda de profundidade e liquidez dos centros de negociación españois sería case inmediata, ao elixir os distintos axentes dos mercados de valores, para satisfaceren as súas necesidades financeiras de investimento ou de financiamento, outros centros de negociación que cumpran indubidadamente coas novas obrigacións impostas pola normativa europea. Este efecto sería totalmente indesexable polas máis que gravosas consecuencias que podería supor para a economía española.

Incorpórase, así mesmo, a figura dos sistemas organizados de contratación, que supoñen un complemento indisoluble dos mercados regulados e dos sistemas multilaterais de negociación para os efectos de establecer as principais modalidades de contratación que están dispoñibles na Unión Europea desde o 3 de xaneiro de 2018 para a débeda pública e os produtos derivados.

Finalmente, para dar plena efectividade ao cumprimento das obrigacións da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, e do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, é imprescindible articular o correspondente réxime sancionador que tipifique unicamente as infraccións relacionadas coas novas obrigacións impostas neste real decreto lei. A inclusión deste réxime resulta necesaria para asegurar o efecto útil da transposición, pois a ausencia dunha resposta ao incumprimento comprometería seriamente a súa implementación e cumprimento. A mera posibilidade de que a homologación dos centros de negociación españois se poida ver afectada por este feito fai imprescindible a súa incorporación a esta norma. Neste senso, o Tribunal Constitucional pronunciouse a favor da posibilidade da utilización do real decreto lei como instrumento normativo para establecer infraccións e sancións, pois é unha disposición lexislativa que se insire no ordenamento xurídico e satisfai, por tanto, as exixencias do principio de legalidade do artigo 25.1 da Constitución española (SSTC 29/1982, do 31 de maio e 3/1988, do 21 de xaneiro) e que, en consecuencia, non incorre na prohibición da afectación de dereitos dos cidadáns proscriba para os decretos leis no artigo 86.1 da Constitución. Exixe, non obstante, o Tribunal Constitucional (STC 27/2015, do 19 de febreiro) que quede suficientemente xustificada a extraordinaria e urxente necesidade que obrigue a establecer mediante este tipo de norma as infraccións e sancións, aspecto este que foi suficientemente xustificado nos parágrafos anteriores, por constituír un elemento indispensable para garantir o correcto funcionamento dos centros de negociación españois e a súa adecuación ás novas obrigacións resultantes da normativa europea que é obxecto de transposición.

Canto á técnica elixida para anticipar a transposición dos mencionados preceptos, considerouse preferible, por clareza e seguranza xurídica, a selección dos concretos preceptos que regulan estas materias no Anteproxecto de lei do mercado de valores e instrumentos financeiros, norma que deberá servir para a definitiva transposición da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, en lugar de realizar modificacións sobre o texto refundido da Lei do mercado de valores vixente que se limitaron ao estritamente necesario. Deste modo, ao substituír este real decreto lei os preceptos respectivos contidos na norma vixente, asegúrase unha transición sinxela e directa cando entre en vigor o réxime legal completo de nova planta, xa que, ademais, se trata de preceptos xa coñecidos polo mercado ao ter sido obxecto de audiencia pública recentemente o citado anteproxecto.

III

Nas medidas que se adoptan no presente real decreto lei concorren, por tanto, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exixe o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a esta figura normativa. No contexto sinalado anteriormente, resulta de capital importancia garantir sen dilación o cumprimento por parte dos centros de negociación españois das obrigacións contidas na Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014.

En efecto, este real decreto lei ten como obxectivo principal realizar as adaptacións do ordenamento xurídico español imprescindibles para traspasar as novidades da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, relacionadas con centros de negociación. Deste modo, incorporáronse a esta norma aqueles preceptos relativos aos centros de negociación cuxa entrada en vigor inmediata é necesaria para o funcionamento básico das entidades financeiras e empresas de servizos de investimento en relación cos eles e dos propios centros de negociación, evitando desta maneira disrupcións que poderían xerar graves dificultades no sistema financeiro español nun momento de importantes cambios a escala da Unión Europea.

A súa entrada en vigor debe quedar fixada o 3 de xaneiro de 2018 para dar cumprimento ao réxime de transposición previsto no artigo 93 da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, modificada neste punto pola Directiva (UE) 2016/1034, do 23 de xuño de 2016. Conforme o seu número 1, ben que a adopción e a publicación da norma de transposición debían facerse o máis tardar o 3 de xullo de 2017, sinala de maneira imperativa que os Estados membros aplicarán as súas disposicións a partir do 3 de xaneiro de 2018.

En virtude da urxencia da adopción das medidas, para permitir a súa inmediata efectividade, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2017,

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto do presente real decreto lei é regular determinados aspectos do réxime xurídico dos centros españois de negociación de instrumentos financeiros a fin de garantir a súa plena homologación cos estándares contidos na Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE.

TÍTULO I

Mercados regulados

CAPÍTULO I

Organización e funcionamento

Sección 1.ª Autorización e réxime xurídico

Artigo 2. *Exixencia de autorización.*

1. Para dar comezo á súa actividade os mercados regulados deberán obter a autorización da Comisión Nacional do Mercado de Valores (en diante CNMV).

2. A CNMV só concederá a autorización cando tanto o organismo reitor do mercado como os sistemas do mercado regulado cumpran cos requisitos fixados no presente título.

3. O prazo para resolver o procedemento de autorización será de seis meses. En ausencia de resolución expresa no dito prazo, a solicitude entenderase desestimada.

Sección 2.^a Organismos reitores

Subsección 1.^a Natureza

Artigo 3. *Organismo reitor.*

1. Os mercados regulados estarán rexidos e administrados por unha entidade que terá a condición legal de organismo reitor do correspondente mercado.

2. En caso de que o mercado regulado sexa unha persoa xurídica e estea rexido ou operado por un organismo reitor distinto do propio mercado, os requisitos e obrigacións previstos no presente título distribuiranse entre o mercado regulado e o organismo reitor.

Artigo 4. *Funcións e responsabilidades dos organismos reitores.*

1. Os organismos reitores dos mercados regulados serán responsables de asegurar que os mercados regulados que xestionan cumpren con todos os requisitos establecidos neste real decreto lei e, se for o caso, na súa normativa de desenvolvemento.

2. Os organismos reitores dos mercados regulados deberán estar autorizados para exercer os dereitos que este real decreto lei e a súa normativa de desenvolvemento atribúen ao mercado regulado que xestionan.

3. Os organismos reitores do mercado proporcionarán á CNMV unha descrición de calquera modificación significativa respecto de calquera información que anteriormente lle presentasen que resulte pertinente para avaliar se ese organismo reitor cumpre co disposto por este real decreto lei e outras disposicións que resulten de aplicación, como o Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, ou o Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre o abuso de mercado e polo que se derrogan a Directiva 2003/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e as directivas 2003/124/CE, 2003/125/CE e 2004/72/CE.

Artigo 5. *Supervisión por parte da CNMV.*

1. Os organismos reitores dos mercados regulados realizarán as funcións relacionadas coa organización e o funcionamento do mercado regulado baixo a supervisión da CNMV.

2. A CNMV deberá:

a) Comprobar periodicamente que os mercados regulados cumpren o disposto no presente título.

b) Verificar que os mercados regulados cumpren en todo momento as condicións da autorización inicial establecidas no presente título.

Subsección 2.^a Requisitos de organización e funcionamento

Artigo 6. *Requisitos de organización.*

1. Os mercados regulados deberán cumprir cos seguintes requisitos de organización:

a) Adoptar medidas para detectar claramente e emendar as posibles consecuencias adversas, para o funcionamento do mercado regulado ou para os seus membros ou participantes, de calquera conflito de intereses entre os intereses do mercado regulado, os seus propietarios ou o seu organismo reitor do mercado e as exixencias do bo funcionamento do mercado regulado, en especial cando eses conflitos de intereses poidan resultar prexudiciais para a realización das funcións delegadas no mercado regulado pola CNMV.

b) Estar adecuadamente equipados para xestionar os riscos a que están expostos, aplicar mecanismos e sistemas que lles permitan identificar todos os riscos significativos

que comprometan o seu funcionamento e establecer medidas eficaces para atenuar eses riscos.

c) Adoptar mecanismos para a adecuada xestión dos aspectos técnicos do sistema, incluídos procedementos de continxencia eficaces para facer fronte a posibles perturbacións dos sistemas.

d) Establecer normas e procedementos transparentes e non discrecionais que aseguren unha negociación xusta e ordenada e fixen criterios obxectivos para unha execución eficaz das ordes.

e) Adoptar mecanismos eficaces para facilitar a conclusión eficiente e puntual das operacións executadas conforme os seus sistemas.

f) Dispor, no momento da súa autorización e de maneira permanente, dos recursos financeiros suficientes para facilitar o seu funcionamento ordenado, tendo en conta a natureza e o alcance das operacións que nel se realizan e o tipo e o grao de risco a que se expoñen.

g) Contar cun comité de nomeamentos integrado por membros do órgano de administración que non desempeñen funcións executivas no organismo reitor en cuestión.

2. Os organismos reitores non poderán executar ordes de clientes por conta propia ou recorrer á interposición de conta propia, con ou sen risco, en ningún dos mercados regulados en que operen.

Artigo 7. Requisitos de funcionamento dos sistemas de negociación.

Os mercados regulados implantarán sistemas, procedementos e mecanismos efectivos para garantir que os seus sistemas de negociación:

a) Sexan resistentes, conforme a normativa de desenvolvemento da Unión Europea que resulte de directa aplicación.

b) Teñan capacidade suficiente para tramitar os volumes de ordes e mensaxes correspondentes aos momentos de máxima actividade.

c) Poidan asegurar a negociación ordenada en condicións de forte tensión do mercado.

d) Se probasen integramente para garantir o cumprimento das anteriores condicións.

e) Estean suxeitos a mecanismos efectivos de continuidade da actividade para asegurar o mantemento dos seus servizos en caso de disfunción.

f) Rexeiten as ordes que excedan uns limiares de volume e prezo predeterminado ou que sexan manifestamente erróneas.

Artigo 8. Acordos e plans de creación de mercado.

1. Os mercados regulados disporán dos seguintes instrumentos para garantir o adecuado funcionamento dos seus sistemas:

a) Acordos por escrito con todas as empresas de servizos de investimento que sigan unha estratexia de creación de mercado no mercado regulado, de conformidade co establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/578 da Comisión, do 13 de xuño de 2016, polo que se completa a Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos mercados de instrumentos financeiros no que respecta ás normas técnicas de regulación que especifican os requisitos relativos aos acordos e plans de creación de mercado.

b) Plans para garantir que participa neses acordos un número suficiente de empresas de servizos de investimento e polos cales se requiran destas cotizacións en firme a prezos competitivos, co resultado de que se forneza liquidez ao mercado de forma regular e predicible, cando tal requisito sexa adecuado á natureza e á magnitude da negociación do mercado regulado de que se trate. Os mercados regulados non estarán obrigados a dispor de plans de creación de mercado nos supostos que se dispoñan na normativa de

desenvolvemento da Unión Europea que resulte de directa aplicación e, en especial, naquela referida aos requisitos relativos aos acordos e plans de creación de mercado.

2. Nos acordos de creación de mercado especificarase, ao menos, o seguinte:

a) As obrigacións da empresa de servizos de investimento en relación co fornecemento de liquidez e, se for o caso, calquera outra obrigación derivada da participación nos plans mencionados no número 1, alínea b).

b) Calquera incentivo en forma de minoracións ou doutro tipo, ofrecido polo mercado regulado a unha empresa de servizos de investimento de maneira que se forneza liquidez ao mercado de forma regular e predicible e, se for o caso, calquera outro dereito que corresponda ás empresas de servizos de investimento como resultado da participación nos plans mencionados no número 1, alínea b).

3. Os mercados regulados:

a) Controlarán e garantirán que as empresas de servizos de investimento cumpren os requisitos establecidos nos acordos de creación de mercado.

b) Informarán a CNMV do contido dos acordos de creación de mercado.

c) Logo de requirimento, facilitarán á CNMV toda información adicional necesaria para que esta poida comprobar que o mercado regulado cumpre o disposto no presente artigo e o resto de normativa relativa aos acordos de creación de mercado e plans de creación de mercado que resulten de directa aplicación.

Artigo 9. Prevención de anomalías nas condicións de negociación en sistemas de negociación algorítmicos.

1. Os mercados regulados implantarán sistemas, procedementos e mecanismos efectivos para garantir:

a) Que os sistemas de negociación algorítmica non poidan xerar anomalías nas condicións de negociación no mercado, nin contribuír a tales anomalías.

b) Que poden xestionar anomalías nas condicións de negociación que poidan xurdir de tales sistemas de negociación algorítmica.

2. Os mercados regulados velarán polo respecto dos sistemas, procedementos e mecanismos efectivos a que fai referencia o número anterior, os cales incluírán, entre outros, os seguintes mecanismos:

a) A petición aos membros ou participantes que realicen probas adecuadas de algoritmos e proporcionen os contornos que faciliten as probas, de conformidade co previsto no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/584 da Comisión, do 14 de xullo de 2016, polo que se completa a Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ás normas técnicas de regulación que especifican os requisitos organizativos dos centros de negociación.

b) A limitación da proporción de ordes de operacións non executadas que un membro ou participante poderá introducir no sistema, calculada de conformidade co disposto no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/566 da Comisión, do 18 de maio de 2016, polo que se completa a Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos mercados de instrumentos financeiros, no que respecta ás normas técnicas de regulación sobre a proporción entre ordes non executadas e operacións para previr anomalías nas condicións de negociación.

c) A ralentización do fluxo de ordes ante o risco de que se alcance o límite de capacidade do sistema.

d) A restrición do valor mínimo de variación do prezo que se poderá executar no mercado.

Artigo 10. *Sinalización de ordes xeradas mediante negociación algorítmica.*

1. Os mercados regulados deberán estar en condicións de sinalar, por medio de indicadores dos membros ou participantes:

- a) As ordes xeradas pola negociación algorítmica.
- b) Os diferentes algoritmos utilizados para a creación de ordes.
- c) As persoas concretas que iniciasen esas ordes.

2. A dita información estará ao dispor da CNMV logo de requirimento.

Artigo 11. *Acceso electrónico directo.*

1. Os mercados regulados que permitan un acceso electrónico directo implantarán sistemas, procedementos e mecanismos efectivos de conformidade co previsto na normativa de desenvolvemento da Unión Europea que resulte de directa aplicación, para garantir que:

a) Só se permite prestar os ditos servizos aos membros e participantes que sexan empresas de servizos de investimento autorizadas en virtude do previsto no Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores, ou da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, ou por disposicións nacionais doutros Estados membros que transpoñan a Directiva 2013/36/UE do Parlamento e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE ou a Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014.

b) Se establezan e apliquen criterios adecuados respecto á idoneidade das persoas a que se poderá conceder tal acceso e que o membro ou participante conserve a responsabilidade respecto das ordes e operacións executadas utilizando ese servizo en relación cos requisitos do texto refundido da Lei do mercado de valores.

2. Os mercados regulados fixarán normas apropiadas sobre control de riscos e limiares de risco aplicables á negociación mediante acceso electrónico directo e estarán en condicións de distinguir e, en caso necesario, interromper as ordes ou a negociación por parte de persoas que utilicen ese acceso separadamente respecto doutras ordes ou negociación por parte do membro ou participante.

3. Os mercados regulados disporán de mecanismos para suspender ou pór fin á provisión de acceso electrónico directo dun membro ou participante a un cliente en caso de incumprimento do disposto no presente artigo.

Artigo 12. *Normas sobre servizos de localización compartida.*

Os mercados regulados establecerán normas sobre servizos de localización compartida que deberán ser transparentes, equitativas e non discriminatorias e estar contidas nas súas normas internas de funcionamento.

Artigo 13. *Normas sobre comisións.*

1. Os mercados regulados establecerán estruturas de comisións, incluídas as comisións por execución de operacións, as comisións por servizos accesorios e as reducións, que deberán ser transparentes, equitativas e non discriminatorias, e non crearán incentivos para colocar, modificar ou cancelar ordes ou para executar operacións de forma que contribúan a perturbar as condicións de negociación ou fomenten prácticas de abuso de mercado.

2. En particular, os mercados regulados imporán obrigacións de creación de mercado en relación con accións determinadas ou cestas de accións adecuadas a cambio de calquera redución que se conceda.

3. Os mercados regulados poderán adaptar as comisións que impoñan ás ordes canceladas en función do tempo de vixencia desas ordes e calibrar as comisións en función do instrumento financeiro a que se aplican.

4. Os mercados regulados poderán establecer tarifas e comisións máis elevadas que reflectan a carga adicional sobre a capacidade do sistema nos seguintes supostos:

a) Pola colocación dunha orde que seguidamente é cancelada con respecto á colocación dunha orde que si se executa.

b) A aqueles participantes que teñan un coeficiente máis alto de ordes canceladas con respecto ás efectivamente executadas.

c) A aqueles participantes que operen con técnicas de negociación algorítmica de alta frecuencia.

5. Os mercados regulados recollerán as estruturas de comisións nas súas regras internas.

Artigo 14. *Variación mínima de cotización.*

1. Os mercados regulados deberán adoptar réximes de variación mínima de cotización nas accións, certificados de depósito, fondos cotizados, certificados e demais instrumentos financeiros similares, así como en calquera outro instrumento financeiro incluído no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/588 da Comisión, do 14 de xullo de 2016, polo que se completa a Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ás normas técnicas de regulación relativas ao réxime de variación mínima de cotización aplicable ás accións, aos certificados de depósito e aos fondos cotizados; e de conformidade con este.

2. Os réximes de variación mínima de cotización a que fai referencia o número anterior:

a) Estarán calibrados de maneira que reflectan o perfil de liquidez do instrumento financeiro en diferentes mercados e o diferencial medio entre prezo comprador e prezo vendedor, tendo en conta a conveniencia de posibilitar prezos razoablemente estables sen limitar excesivamente a progresiva redución dos intervalos de prezos.

b) Adaptarán o valor de variación correspondente a cada instrumento financeiro segundo conveña.

Artigo 15. *Sincronización dos reloxos comerciais.*

Os mercados regulados e os seus membros ou participantes sincronizarán os reloxos comerciais que utilicen para rexistrar a data e a hora de calquera acontecemento sobre o cal se deba informar, de conformidade co previsto na normativa de desenvolvemento da Unión Europea que resulte de directa aplicación respecto do nivel de exactitude dos reloxos comerciais.

Artigo 16. *Mecanismos de xestión de volatilidade.*

1. Os mercados regulados interromperán ou limitarán temporalmente a negociación se se produce unha flutuación significativa do prezo dun instrumento financeiro nese mercado ou nun mercado conexo durante un breve período e, en casos excepcionais, poderán cancelar, alterar ou corrixir calquera operación.

2. Os mercados regulados establecerán nas súas normas internas de funcionamento parámetros para interromper a negociación que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que sexan adecuadamente calibrados de forma que teñan en conta a liquidez das diferentes clases e subclases de activos, a natureza do modelo de mercado e os tipos de usuarios.

b) Que sexan suficientes para impedir perturbacións significativas no correcto funcionamento da negociación.

3. Os mercados regulados establecerán regras para a continuación da negociación após a súa interrupción.

4. Os mercados regulados informarán sobre os parámetros para interromper a negociación e sobre calquera modificación importante deses parámetros, de maneira coherente e comparable, a CNMV, quen, pola súa vez, informará a Autoridade Europea de Valores e Mercados (en diante AEVM) ao respecto.

5. Cando un mercado regulado importante en termos de liquidez no mencionado instrumento financeiro interrompa a negociación dun instrumento financeiro, o centro de negociación informará inmediatamente a CNMV sobre a interrupción, os detalles do instrumento financeiro e as razóns da decisión.

6. Os mercados regulados disporán dos sistemas e procedementos necesarios para garantir que están en condicións de cumprir coa obrigaición establecida no número anterior, co fin de posibilitar que as autoridades competentes, en caso de resultar necesario, poidan coordinar unha resposta a escala do conxunto do mercado e determinar se convén interromper a negociación noutros centros en que se negocie o instrumento financeiro até que se prosiga a negociación no mercado orixinario.

7. Para efectos do disposto no número 5, os mercados regulados importantes en termos de liquidez nun instrumento financeiro determinaranse de conformidade coa normativa de desenvolvemento da Unión Europea.

Artigo 17. *Requisitos relativos á admisión de instrumentos financeiros a negociación.*

1. Sen prexuízo das obrigaicións contidas no artigo do 76 do texto refundido da Lei do mercado de valores, os mercados regulados deberán establecer normas claras e transparentes en relación coa admisión a negociación de instrumentos financeiros, que aseguren que estes poidan ser negociados de modo equitativo, ordenado e eficiente e, no caso de valores negociables, que non existan restricións á súa transmisibilidade, segundo os criterios establecidos no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/568, da Comisión, do 24 de maio de 2016, polo que se completa a Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ás normas técnicas de regulación relativas á admisión de instrumentos financeiros a negociación en mercados regulados. No caso dos instrumentos financeiros derivados, as normas garantirán, en particular, que a formulación do contrato obxecto de negociación permita unha formación de prezos ordenada, así como a existencia de condicións efectivas de liquidación.

2. Os mercados deberán dispor de mecanismos eficaces adoptados de conformidade coa normativa de desenvolvemento da Unión Europea que resulte de directa aplicación relativa á admisión de instrumentos financeiros a negociación en mercados regulados para:

a) Comprobar que os emisores de instrumentos financeiros negociables admitidos a negociación no mercado cumpran todas as súas obrigaicións legais con respecto á difusión de información.

b) Facilitar aos seus membros o acceso á información publicada segundo a normativa vixente en materia de mercado de valores.

c) Comprobar periodicamente que os instrumentos financeiros admitidos a negociación cumpren os requisitos de admisión.

3. Un valor negociable que fose admitido a negociación nun mercado regulado doutro Estado membro poderá ser admitido posteriormente a negociación nun mercado regulado español, aínda sen o consentimento do emisor.

O mercado regulado deberá informar o emisor desta circunstancia. O emisor non estará obrigado a facilitar directamente a información requirida no número 2 a ningún mercado regulado que admitise os instrumentos financeiros a negociación sen o seu consentimento.

Sección 3.ª Negociación de instrumentos financeiros en mercados regulados

Artigo 18. *Réxime xurídico das negociacións sobre instrumentos financeiros en mercados regulados.*

1. As negociacións realizadas no marco dos sistemas dos mercados regulados autorizados en España rexeranse polo previsto na lexislación española.

2. Esta previsión enténdese sen prexuízo do disposto no Regulamento (UE) n.º 596/2014, do 16 de abril de 2014, ou na Directiva 2014/57/UE, do 16 de abril de 2014.

Artigo 19. *Operacións dun mercado regulado.*

As operacións concluídas consoante as normas dun mercado regulado considéranse operacións concluídas no marco dese mercado regulado.

Artigo 20. *Suspensión e exclusión da negociación de instrumentos financeiros polos organismos reitores de mercados regulados.*

1. O organismo reitor dun mercado regulado poderá suspender ou excluír de negociación un instrumento financeiro que deixe de cumprir as normas do mercado, salvo que tal decisión poida causar prexuízo grave aos intereses dos investidores ou ao funcionamento ordenado do mercado.

2. Os organismos reitores do mercado que suspendan ou exclúan de negociación un instrumento financeiro conforme o número anterior suspenderán ou excluirán tamén a negociación dos derivados mencionados nos números 4 a 10 do anexo I da sección C da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, que estean vinculados ou fagan referencia ao dito instrumento financeiro, cando esta medida sexa necesaria para apoiar os obxectivos da suspensión ou exclusión do instrumento financeiro subxacente.

3. Os organismos reitores do mercado comunicarán inmediatamente á CNMV a súa decisión de suspender ou excluír a negociación do instrumento financeiro e, se for o caso, de todo derivado vinculado, e, a seguir, farana pública.

Artigo 21. *Suspensión e exclusión da negociación de instrumentos financeiros pola CNMV.*

1. A CNMV poderá acordar a suspensión da negociación dos instrumentos financeiros admitidos a negociación en mercados regulados suxeitos á súa supervisión cando concorran circunstancias especiais que poidan perturbar o normal desenvolvemento das operacións sobre ese instrumento financeiro ou que aconsellen tal medida en prol da protección dos investidores.

2. A CNMV poderá acordar a exclusión da negociación dos instrumentos financeiros admitidos a negociación en mercados regulados suxeitos á súa supervisión, no caso de que concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) A negociación dos referidos instrumentos non alcanza os requisitos de difusión, frecuencia ou volume de contratación que se establezan.

b) O seu emisor non cumpre as obrigacións que lle incumban, en especial en materia de remisión e publicación de información.

c) Trátase de instrumentos financeiros cuxo emisor é unha sociedade en que se abriu a fase de liquidación de acordo coa Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, ou que se encontra en fase de liquidación societaria, de conformidade co previsto no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Sen prexuízo das medidas cautelares que se poidan adoptar e exceptuando o suposto previsto na alínea c) anterior, a exclusión adoptarase logo de audiencia da entidade emisora.

3. A CNMV acordará a suspensión ou exclusión da negociación dos derivados mencionados nos números do 4 ao 10 do anexo I da sección C da Directiva 2014/65/UE do 15 de maio de 2014, que estean vinculados ou fagan referencia ao instrumento financeiro, cando isto sexa necesario para apoiar os obxectivos da suspensión ou exclusión do instrumento financeiro subxacente.

Artigo 22. Regras comúns á exclusión ou suspensión por parte dos organismos reitores e da CNMV.

1. Adoptada a suspensión ou exclusión por un organismo reitor dun mercado regulado conforme o artigo 20, ou cando a autoridade competente doutro Estado membro comunique á CNMV un acordo de suspensión ou exclusión, esta exixirá tamén que os demais centros de negociación e internalizadores sistemáticos baixo a súa supervisión que negocien o mesmo instrumento financeiro ou os derivados que estean vinculados ou fagan referencia ao instrumento financeiro suspendan ou exclúan a negociación dese instrumento financeiro ou deses derivados, sempre que a suspensión ou exclusión orixinaria se tivese acordado por un presunto caso de abuso de mercado, por unha oferta pública de adquisición ou pola retención de información privilexiada sobre o emisor ou instrumento financeiro infrinxindo os artigos 7 e 17 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

No caso de que a decisión da CNMV se adopte a partir dunha notificación doutra autoridade competente, a dita comunicación deberá motivar, se for o caso, a decisión da CNMV de non suspender ou excluír a negociación do instrumento financeiro ou os instrumentos financeiros derivados vinculados ou que fagan referencia a ese instrumento financeiro.

A CNMV deberá facer pública inmediatamente a decisión de exclusión ou suspensión e comunicala á AEVM e ás autoridades competentes dos demais Estados membros.

O disposto neste número non será de aplicación cando a suspensión ou exclusión poida causar un prexuízo grave aos intereses dos investidores ou ao funcionamento ordenado do mercado.

2. O réxime de comunicación e publicidade establecido nos artigos 20 e 21, así como o disposto no número 1 deste artigo, será tamén de aplicación cando se levante a suspensión da negociación dun instrumento financeiro ou dos derivados mencionados nos números 2 a 8 do anexo I da sección C da Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, que estean vinculados ou fagan referencia a ese instrumento financeiro.

3. Para efectos do disposto nos artigos 20.2 e 21.3, a determinación dos derivados mencionados nos números 4 a 10 do anexo I da sección C da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, que estean vinculados ou fagan referencia a un instrumento financeiro, realizarase de conformidade coas normas de desenvolvemento de directa aplicación da Unión Europea relativas á suspensión e exclusión da negociación de instrumentos financeiros.

4. Para efectos do disposto nos artigos 20.1 e 21.2, a determinación das situacións que representan un prexuízo grave para os intereses dos investidores e para o funcionamento ordenado do mercado realizarase, así mesmo, de conformidade coa normativa de directa aplicación da Unión Europea.

Sección 4.^a Acceso a un mercado regulado

Artigo 23. Supervisión do cumprimento das normas do mercado regulado e doutras obrigacións legais.

1. Os mercados regulados establecerán e manterán mecanismos e procedementos eficaces, incluídos os recursos necesarios, para supervisar con regularidade as ordes transmitidas, incluídas as cancelacións e as operacións realizadas polos membros do mercado e o cumprimento das súas normas por parte dos seus membros ou participantes

de acordo cos seus sistemas, co obxecto de detectar infraccións das normas do mercado, anomalías nas condicións de negociación ou actuacións que poidan revelar unha conduta prohibida polo Regulamento (UE) n.º 596/2014, do 16 de abril de 2014, ou perturbacións do sistema en relación cun instrumento financeiro.

2. Os organismos reitores informarán inmediatamente a CNMV sobre as infraccións descritas no número anterior de conformidade co disposto no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/565 da Comisión, do 25 de abril de 2016, polo que se completa a Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo aos requisitos organizativos e ás condicións de funcionamento das empresas de servizos de investimento, e termos definidos para efectos da citada directiva.

3. A CNMV comunicará, se for o caso, á AEVM e ás autoridades competentes dos demais Estados membros a información descrita no número anterior. No suposto de ser informada sobre actuacións que poidan revelar unha conduta prohibida polo Regulamento (UE) n.º 596/2014, a CNMV deberá ter constancia de que tal conduta se está a producir ou se produciu, antes de notificalo ás autoridades competentes dos demais Estados membros e á AEVM.

4. Os organismos reitores facilitarán sen demora indebida a información pertinente á CNMV para a investigación e persecución do abuso de mercado cometido no mercado regulado e prestaranlle plena asistencia na investigación e na persecución do abuso de mercado cometido en ou mediante os sistemas do mercado regulado.

Artigo 24. *Elección do sistema de compensación e liquidación ou de entidade de contrapartida central.*

1. Os mercados regulados poderán subscribir acordos cunha entidade de contrapartida central ou cámara de compensación e un sistema de liquidación doutro Estado membro para realizar a compensación ou liquidación dalgunha ou de todas as operacións concluídas polos membros do mercado regulado conforme os seus sistemas.

2. A CNMV poderase opor a eses acordos cando poida demostrar que isto é necesario para manter o funcionamento ordenado do mercado e tendo en conta as condicións dos sistemas de liquidación previstas no artigo seguinte.

3. Este artigo aplicarase sen prexuízo do disposto nos títulos III, IV e V do Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo aos derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións.

Artigo 25. *Dereito dos membros a designar un sistema de liquidación.*

Os mercados regulados deberán ofrecer a todos os seus membros o dereito a designar o sistema de liquidación das operacións en instrumentos financeiros que realicen nese mercado, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que entre o sistema de liquidación designado polo mercado e o sistema ou infraestrutura designado polo membro se establezan os procedementos, os vínculos e os mecanismos técnicos e operativos necesarios para asegurar a liquidación eficaz e económica da operación en cuestión.

b) Que a CNMV recoñeza que as condicións técnicas para a liquidación das operacións realizadas nese mercado a través dun sistema distinto do designado por el permiten o funcionamento correcto e ordenado dos mercados financeiros, atendendo, en particular, ao modo en que se asegurarán as relacións entre os diversos sistemas de rexistro das operacións e instrumentos financeiros. A valoración da CNMV entenderase sen prexuízo das competencias do Banco de España, na súa calidade de supervisor dos sistemas de pagamento, así como doutras autoridades supervisoras deses sistemas. Para evitar repeticións innecesarias dos controis, a CNMV terá en conta o labor de supervisión do sistema de compensación e liquidación xa exercido polos bancos centrais na súa

calidade de supervisores dos sistemas de compensación e liquidación ou por outras autoridades supervisoras con competencia sobre tales sistemas.

TÍTULO II

Sistema multilateral de negociación e sistema organizado de contratación

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 26. *Creación.*

1. A creación de sistemas multilaterais de negociación (en diante SMN) e de sistemas organizados de contratación (en diante SOC) estará suxeita ao réxime de autorización previa e supervisión pola CNMV.

2. En particular, a CNMV verificará que o organismo reitor do mercado ou empresa de servizos de investimento que xestione un SMN ou SOC cumpre co establecido neste título, no texto refundido da Lei do mercado de valores e na normativa correspondente de directa aplicación da Unión Europea.

3. O prazo para resolver a autorización dun SMN ou SOC será de seis meses. En ausencia de resolución expresa no referido prazo, a solicitude entenderase desestimada.

Artigo 27. *Número mínimo de membros ou usuarios.*

Os SMN e os SOC terán polo menos tres membros ou usuarios efectivamente activos, cada cal coa oportunidade de interactuar con todos os demais no que respecta á formación dos prezos.

Artigo 28. *Réxime xurídico das negociacións sobre instrumentos financeiros en SMN e SOC.*

1. As negociacións realizadas no marco dos SMN e SOC rexeranse polo disposto na lexislación española.

2. Esta previsión entenderase sen prexuízo do disposto no Regulamento (UE) n.º 596/2014, do 16 de abril de 2014, ou do réxime penal de abuso de mercado.

Artigo 29. *Operacións de SMN e SOC.*

As operacións concluídas consoante as normas dun SMN ou SOC considéranse operacións concluídas no marco do SMN ou SOC en cuestión.

CAPÍTULO II

Requisitos de organización e funcionamento

Artigo 30. *Xestión dun SMN ou SOC.*

1. Todo SMN e SOC estará xestionado por un organismo reitor que será responsable da súa organización e funcionamento internos e disporá dos medios necesarios para xestionalos.

2. Poderá ser organismo reitor dun SMN e SOC:

a) Unha entidade autorizada para prestar o servizo de investimento previsto no artigo 140.h) ou i) do texto refundido da Lei do mercado de valores.

b) Un organismo reitor dun mercado regulado.

c) Unha entidade constituída para o efecto por un ou varios organismos reitores de mercados regulados, que debe ter como obxecto social exclusivo a xestión do sistema e que debe estar participada ao 100 por cen por un ou varios organismos reitores.

3. Os organismos reitores que xestionen un SMN ou un SOC, ademais de cumpriren os requisitos de organización determinados no artigo 16 da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, deberán establecer:

a) Normas e procedementos transparentes que aseguren unha negociación xusta e ordenada, e criterios obxectivos para unha execución eficaz das ordes.

b) Mecanismos para a adecuada xestión dos aspectos técnicos do sistema, incluídos procedementos de continxencia eficaces para facer fronte a posibles perturbacións dos sistemas.

c) Normas transparentes en relación cos criterios para determinar os instrumentos financeiros que se poden negociar nos seus sistemas.

d) Normas internas de funcionamento especificamente referidas á xestión do SMN ou SOC, que deberán remitir á CNMV, para a súa autorización e someterse ao réxime de publicidade que se estableza.

Artigo 31. *Normas reguladoras do acceso a SMN e SOC.*

Os organismos reitores dun SMN e SOC establecerán, publicarán, manterán e aplicarán normas transparentes e non discriminatorias, baseadas en criterios obxectivos, que regulen o acceso ao seu sistema.

Artigo 32. *Información pública sobre os instrumentos financeiros.*

Cando corresponda, os organismos reitores dun SMN e SOC deberán proporcionar ou, se for o caso, asegurarse de que existe información publicamente dispoñible que permita que os usuarios poidan formar unha opinión sobre os instrumentos negociados, tendo en conta tanto a natureza dos usuarios como os tipos de instrumentos negociados no SMN e no SOC.

Artigo 33. *Conflitos de intereses.*

Os SMN e os SOC adoptarán medidas para detectar claramente e afrontar as posibles consecuencias adversas para o seu funcionamento ou para os seus membros ou participantes e usuarios de calquera conflito entre os seus intereses, os seus accionistas ou a empresa de servizos de investimento ou o organismo reitor do mercado que xestione o SMN ou SOC, e as exixencias do bo funcionamento destes.

Artigo 34. *Aplicación de requisitos de funcionamento dos mercados regulados.*

1. Os SMN e os SOC deberán cumprir as obrigacións sobre resistencia dos sistemas, mecanismos de xestión de volatilidade e negociación electrónica previstos nos artigos 7 a 13 e 16 e nas disposicións polas cales se exige aos mercados regulados que adopten réximes de variación mínima de cotización en determinados instrumentos financeiros.

2. Será de aplicación aos SMN e aos SOC o disposto para os mercados regulados sobre sincronización dos reloxos comerciais no artigo 15.

Artigo 35. *Asesor rexistrado.*

Os SMN e os SOC deberán establecer os dereitos e obrigacións dos emisores e de calquera outro participante no SMN e SOC, entre os cales poderán incluír a necesidade de que os emisores designen un asesor rexistrado coas seguintes funcións:

a) Interlocución entre o emisor e o organismo reitor do mercado ou a empresa de servizos de investimento que xestione o SMN ou o SOC.

b) Asesoramento e soporte necesario aos emisores en relación coa incorporación de instrumentos financeiros aos respectivos mercados,

c) Vixilancia do correcto cumprimento por parte dos emisores coas súas obrigacións de información establecidas na normativa do mercado de valores que resulte de aplicación e na normativa interna do SMN ou SOC. Esta función implicará a revisión da observancia polo emisor das exixencias de contido e prazos, así como, con carácter xeral, a consistencia co resto de informacións xa publicadas en cumprimento das citadas normas.

Artigo 36. *Acceso remoto a SMN e SOC.*

1. Os organismos reitores dun SMN e SOC español poderán establecer mecanismos apropiados para facilitar o acceso e a utilización a distancia dos seus sistemas a usuarios ou membros establecidos no territorio doutros Estados membros. Para isto, a entidade deberá comunicar á CNMV o Estado membro en que teña previsto establecer eses mecanismos. A CNMV comunicará esta información ao Estado membro en que se prevexa establecer tales mecanismos no prazo dun mes desde a súa recepción. A CNMV comunicará á autoridade competente do Estado de acollida, a petición desta e nun prazo razoable, a identidade dos membros do SMN e SOC.

2. Os organismos reitores dun SMN e SOC doutros Estados membros da Unión Europea poderán establecer en territorio español mecanismos para facilitar o acceso e a utilización a distancia dos seus sistemas a usuarios ou membros establecidos en territorio español. Será necesario para isto que a CNMV reciba unha comunicación da autoridade competente do Estado membro de orixe na cal se indique a intención de establecer tales mecanismos en territorio español. A CNMV poderá solicitar a esa autoridade competente a comunicación, nun prazo de tempo razoable, da identidade dos membros do SMN e do SOC.

Artigo 37. *Acordos de contrapartida central e de compensación e liquidación.*

1. Os organismos reitores que xestionen un SMN ou un SOC tomarán as medidas necesarias para facilitar a liquidación eficiente das operacións realizadas nos sistemas dese SMN ou SOC.

2. Os organismos reitores dun SMN e SOC poderán subscribir, logo de comunicación á CNMV, acordos adecuados con entidades de contrapartida central, cámaras de compensación, sistemas de liquidación e con depositarios centrais de valores doutro Estado membro, para a compensación ou liquidación dalgunhas ou todas as transaccións que conclúsen con membros do mercado dos seus respectivos sistemas. A CNMV soamente se poderá opor á celebración dos referidos acordos cando considere que poidan menoscabar o funcionamento ordenado do SMN e SOC e tendo en conta as condicións técnicas dos sistemas de liquidación previstas no artigo 25 deste real decreto lei.

3. Será de aplicación aos SMN e aos SOC o establecido nos artigos 94, 95, 96, 97, 113.1 e 2 e 116 do texto refundido da Lei do mercado de valores para os mercados regulados no concenrente á liquidación de operacións e de dereitos ou obrigacións de contido económico asociados aos instrumentos financeiros, ás garantías orientadas a mitigar o risco de liquidación e aos dereitos e obrigacións relacionados co sistema de información para a supervisión da negociación, compensación, liquidación e rexistro de instrumentos financeiros.

4. Sen prexuízo do previsto no artigo 4 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, regulamentariamente determinaranse os instrumentos financeiros cuxas operacións realizadas nos segmentos de contratación multilateral dos SMN e SOC estarán suxeitas a mecanismos que permitan a súa ordenada liquidación e bo fin mediante a necesaria intervención dunha entidade de contrapartida central.

5. A CNMV terá en conta o labor de vixilancia do sistema de compensación e liquidación levado a cabo polas autoridades con competencia na materia, para efectos de evitar repeticións innecesarias dos controis.

Artigo 38. *Suspensión e exclusión de instrumentos financeiros da negociación por organismos reitores ou empresas que xestionen un SMN ou un SOC.*

1. Será de aplicación aos organismos reitores que xestionen un SMN ou un SOC o disposto no artigo 20 sobre suspensión e exclusión de instrumentos financeiros para os mercados regulados.

2. Os organismos reitores dun SMN ou dun SOC cumprirán inmediatamente as instrucións que lles sexan comunicadas pola CNMV de conformidade co artigo 234 do texto refundido da Lei do mercado de valores, en relación coa exclusión ou suspensión dun instrumento financeiro da negociación.

Artigo 39. *Supervisión do cumprimento das normas dos SMN e dos SOC e doutras obrigacións legais.*

1. Os organismos reitores de SMN ou SOC establecerán mecanismos e procedementos eficaces, que correspondan ás necesidades do SMN ou SOC, para supervisar con regularidade o cumprimento das súas normas por parte dos seus usuarios, e supervisarán as ordes remitidas, incluídas as cancelacións, e as operacións realizadas polos membros ou usuarios de acordo cos seus sistemas, con obxecto de detectar infraccións desas normas ou anomalías nas condicións de negociación ou de actuación que poidan revelar unha conduta prohibida polo Regulamento (UE) n.º 596/2014, do 16 de abril de 2014, ou perturbacións do sistema en relación cun instrumento financeiro. Así mesmo, empregarán os recursos necesarios para garantir a eficacia desa supervisión e establecerán un réxime disciplinario que o organismo reitor aplicará en caso de incumprimento das normas internas, con independencia das sancións administrativas que resulten aplicables de acordo co previsto neste real decreto lei.

2. As entidades sinaladas no número anterior deberán comunicar inmediatamente á CNMV todo incumprimento significativo das súas normas ou toda anomalía nas condicións de negociación, actuacións que poidan revelar unha conduta prohibida polo Regulamento (UE) n.º 596/2014, do 16 de abril de 2014, ou perturbacións do sistema en relación cun instrumento financeiro, e prestar plena asistencia na investigación e na persecución do abuso de mercado cometido en ou mediante os seus sistemas.

A CNMV notificará á AEVM e ás autoridades competentes dos demais Estados membros esa información. Polo que se refire ás actuacións que poidan revelar unha conduta prohibida polo Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, a CNMV deberá ter constancia de que esa conduta se está a adoptar ou se adoptou, antes de notificalo ás autoridades competentes dos demais Estados membros e á AEVM.

Tamén deberán comunicar á CNMV, sobre a base da información que recadasen, calquera posible incumprimento do texto refundido da Lei do mercado de valores ou das súas normas de desenvolvemento ou incumprimento das regras contidas nas normas internas do SMN ou do SOC aplicables aos emisores e membros, de acordo co procedemento que para estes efectos establezan.

A obrigaición de comunicación activarase nas circunstancias establecidas nos artigos 81 e 82 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/565 da Comisión, do 25 de abril de 2016, polo que se completa a Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello no relativo aos requisitos organizativos e ás condicións de funcionamento das empresas de servizos de investimento e termos definidos para efectos desa directiva.

3. As entidades sinaladas no número 1 facilitarán, así mesmo, sen demora indebida a información a que se refire o número 2 ás autoridades administrativas ou xudiciais competentes para a investigación e a persecución do abuso de mercado e prestaranlles plena asistencia na investigación e na persecución do abuso de mercado cometido en ou mediante os seus sistemas.

Artigo 40. *Información sobre o seu funcionamento.*

1. Os organismos reitores de SMN e SOC facilitarán á CNMV unha descrición detallada do funcionamento do SMN e do SOC incluíndo todo vínculo con, ou participación de, un mercado regulado, un SMN, un SOC ou un internalizador sistemático pertencente á mesma empresa de servizos de investimento ou ao mesmo organismo reitor do mercado, así como unha lista dos seus membros, participantes e/ou usuarios.

2. A información prevista no número anterior facilitarase á CNMV de conformidade co disposto:

a) Nas normas de desenvolvemento da Unión Europea no que respecta ao contido e ao formato da descrición do funcionamento dos sistemas multilaterais de negociación dos os sistemas organizados de contratación e conxuntamente coa información prevista nesas normas de desenvolvemento.

b) Nas normas de desenvolvemento da Unión Europea no que respecta á regulación sobre a información e os requisitos necesarios para a concesión de autorizacións a empresas de servizos de investimento. Cando se trate dunha empresa de investimento ou dun organismo reitor do mercado que xestione un SMN ou un SOC que xa estea en funcionamento, o organismo reitor facilitará a información prevista no artigo 4 do Regulamento de execución (UE) n.º 2016/824 da Comisión, do 25 de maio de 2016.

3. A CNMV porá esta información ao dispor da AEVM se esta o solicita e notificaralle toda autorización concedida a un organismo reitor que xestione un SMN e un SOC.

Artigo 41. *Obrigacións de remisión de información.*

1. Os organismos reitores de SMN ou SOC remitirán con carácter trimestral á CNMV información sobre as prácticas e actuacións que, de acordo co previsto nas súas regras internas, desenvolvan en materia de supervisión do SMN e do SOC. Esta información, que se poderá adaptar en función da tipoloxía do centro de negociación e dos instrumentos nel negociados, será remitida no prazo dun mes desde a finalización do período a que faga referencia.

2. A CNMV poderá determinar o contido exacto e o formato específico que utilizarán os organismos reitores para o cumprimento desta obrigaición e obter dos organismos reitores de SMN ou SOC tanta información adicional sexa precisa para velar polo correcto funcionamento dos SMN ou SOC.

Artigo 42. *Responsabilidade da información.*

1. A responsabilidade pola elaboración da información pública a que se refire o artigo 32 relativa aos emisores dos instrumentos negociados deberá recaer, ao menos, sobre o emisor e os membros do seu órgano de administración, os cales serán responsables de todos os danos e perdas que ocasionasen aos titulares dos instrumentos financeiros, conforme a lexislación mercantil aplicable ao dito emisor, como consecuencia de que a información non proporcione unha imaxe fiel do emisor.

2. A acción para exixir a responsabilidade prescribirá aos tres anos desde que o reclamante puido ter coñecemento de que a información non proporciona unha imaxe fiel do emisor.

Artigo 43. *Negociación nun SMN ou SOC sen consentimento do seu emisor.*

Cando un valor negociable admitido a negociación nun mercado regulado se negocie tamén nun SMN ou nun SOC sen consentimento do seu emisor, este non estará suxeito a ningunha obrigaición de información financeira inicial, continua ou *ad hoc* en relación con ese SMN ou SOC.

CAPÍTULO III

Requisitos específicos para os SMN e os SOC*Sección 1.^a Requisitos específicos para os SMN**Artigo 44. Requisitos específicos para os SMN.*

1. Os organismos reitores que xestionen un SMN, ademais de cumpriren os requisitos determinados nos capítulos I e II anteriores, establecerán e aplicarán normas non discrecionais para a execución das ordes no sistema.

2. Os organismos reitores que xestionan un SMN establecerán normas que regulen o acceso ao SMN que se axusten ás condicións establecidas no artigo 69 do texto refundido da Lei do mercado de valores.

3. Os organismos reitores que xestionan un SMN adoptarán medidas para:

a) Estar adecuadamente equipados para xestionar os riscos a que están expostos, aplicar mecanismos e sistemas que lles permitan identificar todos os riscos significativos que comprometan o seu funcionamento e establecer medidas eficaces para atenuar eses riscos.

b) Adoptar mecanismos eficaces para facilitar a conclusión eficiente e puntual das operacións executadas conforme os seus sistemas.

c) Dispor, no momento da súa autorización e de maneira permanente, dos recursos financeiros suficientes para facilitar o seu funcionamento ordenado, tendo en conta a natureza e o alcance das operacións que no mercado se realizan e o tipo e o grao de risco a que se expoñen.

4. Os artigos 24, 25, 27 números 1,2 e 4 a 10 e 28 da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, non resultarán de aplicación ás operacións realizadas consoante as normas que regulan un SMN entre os seus membros ou participantes ou entre o SMN e os seus membros ou participantes con respecto ao uso do SMN. Non obstante, os membros ou participantes do SMN ateranse ás obrigacións establecidas nos artigos 24, 25, 27 e 28 da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014, en relación cos seus clientes cando, ao actuaren por conta destes, executen as súas ordes mediante os sistemas dun SMN.

5. Os organismos reitores que xestionen un SMN non poderán executar ordes de clientes con capital propio ou mediante interposición da conta propia sen risco.

Artigo 45. Mercado de peme en expansión.

1. A CNMV poderá rexistrar como mercado de peme en expansión aqueles SMN que cumpran os requisitos previstos neste artigo, por solicitude dos organismos reitores que os xestionen.

2. Os mercados de peme en expansión deberán dispor nas súas normas internas de funcionamento das seguintes regras:

a) Que ao menos o 50 por cento dos emisores cuxos instrumentos financeiros sexan admitidos a negociación no SMN sexan peme no momento en que o SMN sexa rexistrado como mercado de peme en expansión. O cumprimento deste requisito débese avaliar cunha periodicidade anual.

b) Que se establezan criterios apropiados para a admisión inicial e continuada a negociación dos instrumentos financeiros dos emisores no mercado.

c) Que, no momento da admisión inicial a negociación dos instrumentos financeiros no mercado, se deberá ter publicado información suficiente que permita aos investidores decidiren con coñecemento de causa se invisten ou non nos instrumentos financeiros, nun documento de admisión adecuado ou nun folleto se os requisitos establecidos no Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores

en mercados regulados, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exhibible para tales efectos, son aplicables respecto á presentación dunha oferta pública en combinación coa admisión inicial a negociación do instrumento financeiro no SMN.

d) Que os emisores remitan de forma continua ao organismo reitor e fagan pública a información financeira periódica que incluírá, como mínimo:

- 1.º as contas anuais abreviadas da entidade e, se for o caso, do seu grupo consolidado; e
- 2.º o informe de auditoría.

e) Que os emisores do mercado, tal e como se definen no artigo 3, número 1, punto 21, do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, as persoas que exerzan responsabilidades de dirección no emisor, tal e como se definen no seu artigo 3, número 1, punto 25, e as persoas estreitamente vinculadas a eles, tal e como se definen no seu artigo 3, número 1, punto 26, cumpran cos requisitos pertinentes que lles sexan aplicables conforme o citado regulamento.

f) Que a información relativa aos emisores deste mercado se almacene na páxina web do organismo reitor e se difunda publicamente de conformidade coas normas de desenvolvemento da Unión Europea; e

g) Que o SMN dispoña de sistemas e controis efectivos para previr e detectar o abuso de mercado nese mercado, tal e como exige o Regulamento (UE) n.º 596/2014, do 16 de abril de 2014.

3. Os mercados de peme en expansión deberán dispor de procedementos e sistemas eficaces que garantan en todo momento o cumprimento das regras previstas no número anterior.

4. Os criterios enunciados no número 2 aplicaranse sen prexuízo:

a) Do cumprimento, por parte do organismo reitor do SMN, das demais obrigacións deste real decreto lei e das súas disposicións de desenvolvemento relativas á xestión de SMN.

b) Do dereito do organismo reitor do SMN a aprobar requisitos adicionais aos especificados no citado número.

5. Sen prexuízo do exercicio das demais potestades recoñecidas neste real decreto lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, a CNMV poderá cancelar a inscrición dun SMN no rexistro como mercado de peme en expansión cando concorran algún dos seguintes supostos:

- a) Que o organismo reitor do SMN solicite a súa baixa no rexistro.
- b) Que deixasen de cumprirse os requisitos do número 2 no que respecta ao SMN.

6. A CNMV notificará sen demora á AEVM tanto a inscrición no correspondente rexistro da CNMV dun SMN como «mercado de peme en expansión» como a cancelación da inscrición.

7. Os instrumentos financeiros dun emisor admitidos a negociación nun mercado de peme en expansión só se poderán negociar noutro mercado de peme en expansión cando o emisor fose informado e non manifestase obxeccións. Non obstante, o emisor non estará suxeito a ningunha obrigación relativa ao goberno corporativo nin á divulgación de información inicial, continua ou *ad hoc* no que respecta a este último mercado de peme en expansión.

8. Para efectos deste artigo, entenderase por peme a empresa cunha capitalización de mercado media inferior a 200 millóns de euros sobre a base das cotizacións de fin de ano durante os tres exercicios anteriores.

*Sección 2.ª Requisitos específicos para os SOC**Artigo 46. Requisitos específicos para os SOC.*

1. Os organismos reitores que xestionan un SOC implantarán medidas para evitar a execución nel de ordes de clientes con capital propio do organismo reitor que xestiona o SOC ou de calquera entidade que sexa parte do mesmo grupo ou persoa xurídica que a ESI ou o organismo reitor do mercado.

2. Os organismos reitores que xestionen un SOC poderán recorrer á interposición da conta propia sen risco en bonos e obrigacións, titulizacións, dereitos de emisión e certos derivados unicamente en caso de que o cliente outorgase o seu consentimento ao proceso.

O organismo reitor que xestione un SOC non recorrerá á interposición da conta propia sen risco para executar ordes de clientes no SOC con derivados pertencentes a unha categoría de derivados que fose declarada suxeita á obrigación de compensación de conformidade co artigo 5 do Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, relativo aos derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións.

O organismo reitor que xestione un SOC implantará medidas que garantan a conformidade coa definición de interposición da conta propia sen risco segundo o establecido no artigo 4, número 31, punto 38 da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014.

3. Os organismos reitores que xestionen un SOC poderán negociar por conta propia sen recorrer á interposición da conta propia sen risco unicamente polo que atinxe aos instrumentos de débeda soberana para os cales non exista un mercado líquido.

4. Unha mesma persoa xurídica non poderá xestionar un SOC e incorrer simultaneamente na actividade propia dun internalizador sistemático. Ningún SOC se deberá conectar cun internalizador sistemático permitindo que interactúen ordes nun SOC e ordes ou cotizacións nun internalizador sistemático. Un SOC non se deberá conectar con outro SOC permitindo que interactúen ordes en diferentes SOC.

5. Os organismos reitores que xestionen un SOC poderán contratar outra empresa de servizos de investimento para que leve a cabo a actividade de creación de mercado nese SOC de maneira independente.

Para os efectos do presente artigo, non se considerará que unha empresa de servizos de investimento leva a cabo a actividade de creación de mercado no SOC de maneira independente se ten vínculos estreitos coa empresa de servizos de investimento ou co organismo reitor do mercado que xestiona o SOC.

6. A execución de ordes nun SOC realizarase con carácter discrecional.

Un organismo reitor que xestione un SOC só poderá actuar con carácter discrecional se concorre unha das seguintes circunstancias ou ambas:

- a) Cando decidan colocar ou retirar unha orde no SOC que xestionen.
- b) Cando decidan non casar unha orde dun cliente determinado con outras ordes dispoñibles nos sistemas nun momento dado, sempre que isto se faga en cumprimento de instrucións específicas recibidas do cliente e das súas obrigacións de conformidade co artigo 27 da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014.

No sistema de casamento de ordes de clientes, o organismo reitor que xestione un SOC poderá decidir se desexa casar dúas ou máis ordes dentro do sistema, cando facer a operación e por que importe. De conformidade cos números 1, 2, 4 e 5 e sen prexuízo do número 3, polo que atinxe a un sistema que efectúe operacións con instrumentos financeiros distintos de accións e de instrumentos asimilados, o organismo reitor que xestione un SOC poderá facilitar a negociación entre clientes para confrontar dous ou máis intereses particulares potencialmente compatibles nunha operación.

Esta obrigación non afectará o disposto nos artigos 30 a 43 deste real decreto lei e 27 da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014.

7. A CNMV poderá exixir, cando un organismo reitor solicite a autorización para xestionar un SOC ou en función das circunstancias, unha exposición detallada de por que o sistema non se corresponde cun mercado regulado ou un SMN ou un internalizador sistemático, nin pode funcionar como un deles, así como unha descrición pormenorizada da forma en que se exercerá a discrecionalidade, con indicación, en particular, do momento en que se poderá retirar unha orde no SOC e do momento e a forma en que se casarán dúas ou máis ordes de clientes dentro do SOC. Ademais, o organismo reitor dun SOC facilitará á CNMV información explicativa sobre a utilización de interposición da conta propia sen risco. A CNMV supervisará a actividade de interposición de conta propia sen risco do organismo reitor para asegurarse de que se continúa atendo á definición desa negociación e de que a citada actividade non dea lugar a conflitos de intereses entre o organismo reitor e os seus clientes.

8. Os artigos 24, 25, 27 e 28 da Directiva 2014/65/UE do 15 de maio de 2014, tamén resultarán de aplicación ás transaccións efectuadas nun SOC.

TÍTULO III

Outras disposicións que afectan os centros de negociación

Artigo 47. *Medidas preventivas.*

1. Cando España sexa Estado membro de acollida dun mercado regulado, dun SMN ou dun SOC e a CNMV teña motivos claros e demostrables para crer que ese mercado regulado, SMN ou SOC infrinxe as obrigacións derivadas das disposicións adoptadas en virtude de MIFID II, comunicará os feitos á autoridade competente do Estado membro de orixe do mercado regulado ou do SMN ou SOC.

No caso de que, a pesar das medidas adoptadas pola autoridade competente do Estado membro de orixe, ese mercado regulado, SMN ou SOC persista nunha actuación claramente prexudicial para os intereses dos investidores en España ou para o funcionamento correcto dos mercados, a CNMV, despois de informar a autoridade competente do Estado membro de orixe, adoptará todas as medidas pertinentes para a súa protección. Entre as medidas incluírase a posibilidade de impedir que ese mercado regulado, SMN ou SOC poña os seus mecanismos ao dispor de membros remotos establecidos en España. A CNMV informará sen demora a Comisión Europea e a AEVM das medidas adoptadas. Esta última poderá actuar de conformidade coas facultades que lle confire o artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010.

2. Toda medida adoptada en aplicación do disposto neste artigo que implique a imposición de sancións ou restricións das actividades dun mercado regulado ou SMN ou SOC deberá ser debidamente motivada e comunicada ao mercado regulado, SMN ou SOC afectado.

Artigo 48. *Requisitos das entidades que desenvolvan negociación algorítmica.*

As empresas de servizos de investimento que realicen negociación algorítmica, incluíndo o seu uso para aplicar estratexias de creación de mercado, ou que faciliten acceso electrónico directo aos seus clientes, deberán cumprir os requisitos técnicos establecidos no artigo 17 da Directiva 2014/65/UE, do 15 de maio de 2014.

Artigo 49. *Execución en centros de negociación.*

Para os instrumentos financeiros suxeitos á obrigación de negociación prevista nos artigos 23 e 28 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, cada centro de negociación e cada internalizador sistemático e, para os demais instrumentos financeiros, cada centro de execución, porá ao dispor do público, sen custo ningún e con periodicidade como mínimo anual, os datos relativos á calidade da execución das operacións nese centro, de conformidade coa normativa de desenvolvemento da Unión Europea.

TÍTULO IV

Réxime de infraccións e sancións

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 50. *Réxime sancionador.*

Serán de aplicación ao presente real decreto lei as disposicións xerais en materia de infraccións e sancións contidas nos capítulos IV, VII e VIII do título VIII do Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores.

CAPÍTULO II

Infraccións moi graves

Artigo 51. *Infraccións por incumprimento da reserva de actividade e da obrigaón de obter autorizacións exixidas.*

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

- a) O establecemento dun mercado regulado, sistema multilateral de negociación ou sistema organizado de contratación sen ter obtido calquera das autorizacións exixidas neste real decreto lei, ou telas obtido por medio de declaracións falsas ou por outro medio irregular.
- b) O establecemento, por parte dos organismos reitores dun SMN ou SOC español e das empresas de servizos de investimento que os xestionen, de mecanismos remotos no territorio doutros Estados membros sen comunicalo previamente á CNMV nos termos previstos no artigo 36.

Artigo 52. *Infraccións por incumprimento das obrigaóns exixidas para o correcto funcionamento do mercado primario de valores e a negociación de instrumentos financeiros nos centros de negociación.*

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

- a) A falta ou inaplicación non meramente ocasional ou illada, por parte dos mercados regulados, das normas, procedementos, mecanismos e instrumentos a que se refiren os artigos 6 a 9, 11, 12, 17 e 23.1; o incumprimento das obrigaóns establecidas nos artigos 8.2 e 13 a 16; así como o incumprimento non meramente ocasional ou illado das obrigaóns, limitacións ou prohibicións que derivan dos artigos 10, e 23 números 2, 3 e 4.
- b) A falta ou inaplicación non meramente ocasional e illada, por parte dos organismos reitores dun SMN ou SOC, das normas, medidas e procedementos a que se refiren os artigos 30.3, 31, 32, 34, 38.1, 40.1; o incumprimento das obrigaóns establecidas nos artigos 27, 32 e 36; así como o incumprimento non meramente ocasional ou illado das obrigaóns que derivan dos artigos 33, 35, 39.2, 40.2 e 3, 41.1 e 42.1.
- c) A falta de adopción ou o incumprimento non meramente ocasional ou illado, por parte dos organismos reitores dun SMN ou SOC, das medidas específicas previstas para cada un deles nos artigos 45 e 47.

Artigo 53. Infraccións relativas aos sistemas de compensación e liquidación e rexistro de valores.

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións cando non teñan carácter meramente ocasional ou illado:

a) O incumprimento por parte dos mercados regulados da obrigaón de ofrecer a todos os seus membros o dereito a designar o sistema de liquidación das operacións en instrumentos financeiros que realicen nese mercado nos termos previstos no artigo 25.

b) A celebración, por parte de empresas de servizos de investimento, organismos reitores ou membros dun mercado regulado, de acordos de compensación indirecta respecto de derivados negociables nun mercado regulado que incumpran os requisitos previstos no artigo 30.1 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014.

c) O incumprimento das obrigaóns impostas nos artigos 35.1 a 3, 36.1 a 3 e 37.1 e 3 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, en relación co acceso non discriminatorio a unha entidade de contrapartida central, a un centro de negociación e aos índices de referencia e obrigaón de concesión de licenza.

Artigo 54. Infraccións por incumprimento das obrigaóns de transparencia e integridade do mercado.

Son infraccións moi graves as seguintes accións ou omisións:

a) O incumprimento das obrigaóns establecidas nos seguintes artigos do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, cando tales incumprimentos poñan en grave risco a transparencia e integridade do mercado:

1.º Das obrigaóns sobre transparencia pre e posnegociación establecidas no artigo 3 números 1 e 3, artigo 6 e artigo 8 números 1, 3 e 4, e artigo 10; e da obrigaón de pór á disposición os datos pre e posnegociación contidos nos artigos 12.1 e 13.1.

2.º Das obrigaóns de transparencia dos internalizadores sistemáticos e das empresas de servizos de investimento que se axusten á definición de internalizador sistemático contidas no artigo 14 números 1 a 3; no artigo 15 números 1, 2 e 4, e no artigo 18 números 1, 2, 5, 6, 8 e 9; a falta de adopción de normas claras que regulen o acceso ás súas cotizacións, de conformidade co artigo 17.1; das exixencias de información posnegociación contidas nos números 1 e 2 do artigo 20, e nos números 1 a 3 do artigo 21; así como do almacenamento dos datos relativos á información para efectos de transparencia e doutros cálculos por parte dos organismos reitores que xestionen un centro de negociación recollido no artigo 22.2.

3.º Das obrigaóns de comunicación, publicación e facilitación de información establecidas nos artigos 26 números 1 a 7, artigo 27.1, artigo 31.2 e 3, e a publicación diferida por parte dun organismo reitor que xestione un centro de negociación de conformidade cos artigos 7.1 e 11.1 e 3 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014.

4.º Das obrigaóns de negociación para as empresas de servizos de investimento en determinados centros de negociación recollidas do artigo 23 números 1 e 2; do artigo 28 números 1 e 2, sobre a obrigaón de negociación de determinados derivados en mercados regulados, SMN ou SOC; dos requisitos previstos no artigo 4.3 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014; o incumprimento da obrigaón de compensación do artigo 29.1 e a falta de adopción, por parte das ECC, dos centros de negociación e das empresas de servizos de investimento que actúen como membros compensadores, de sistemas, procedementos e mecanismos efectivos de conformidade co artigo 29.2 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014.

Artigo 55. *Infraccións por incumprimento de medidas de organización interna e das exixencias prudenciais debidas.*

É infracción moi grave o incumprimento, por parte das empresas de servizos de investimento ou xestores dun centro de negociación, da obrigaón de conservar rexistros cos datos pertinentes relativos a todas as ordes e a todas as operacións con instrumentos financeiros que levasen a cabo ou que recibisen nos seus sistemas, prevista no artigo 25.1 e 2 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, así como o incumprimento da obrigaón de levar rexistros completos e precisos de todas as compresións de carteiras que organicen ou daquelas en que participen, prevista no artigo 31.3 do regulamento citado.

Artigo 56. *Infraccións por incumprimento da obrigaón de información, protección ao investidor e preservación da integridade do mercado.*

É infracción moi grave o incumprimento, non meramente ocasional ou illado, por parte das empresas de servizos de investimento, da obrigaón de actuar con honestidade, imparcialidade e profesionalidade, fomentando a integridade do mercado, establecida nos artigos 24 e 27.2 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014.

Artigo 57. *Infraccións por incumprimento das medidas adoptadas pola CNMV no exercicio da súa potestade supervisora, inspectora e de control e por reiteración de infraccións graves.*

É infracción moi grave a comercialización, distribución ou venda dun determinado instrumento financeiro ou a realización dun tipo de práctica ou actividade financeira cando fose prohibida ou restrinxida pola AEVM, EBA ou CNMV en virtude dos poderes de intervención outorgados polos artigos 40 a 42 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, cando tales condutas non teñan un carácter ocasional ou illado.

CAPÍTULO III

Infraccións graves

Artigo 58. *Infraccións por incumprimento das obrigaóns exixidas para o correcto funcionamento do mercado primario de valores e a negociación de instrumentos financeiros nos centros de negociación.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. A inaplicación ocasional ou illada ou a aplicación deficiente, por parte dos mercados regulados, das normas, procedementos, mecanismos e instrumentos a que se refiren os artigos 6 a 9, 11, 12, 17 e 23.1; e o incumprimento meramente ocasional ou illado ou con atraso das obrigaóns, limitacións ou prohibicións que derivan dos artigos 10 e 23 (números 2, 3 e 4).

2. A inaplicación ocasional ou illada ou a aplicación deficiente, por parte dos organismos reitores dun SMN ou SOC, das normas, medidas e procedementos a que se refiren os artigos 30.3, 31, 32, 34, 38.1, 40.1; e o incumprimento meramente ocasional ou illado ou con atraso das obrigaóns que derivan dos artigos 33, 35, 39.2, 40.2 e 3, 41.1 e 42.1.

3. A adopción deficiente ou o incumprimento meramente ocasional ou illado, por parte dos organismos reitores dun SMN ou dun SOC, das medidas específicas previstas para cada un deles nos artigos 45 e 47.

Artigo 59. *Infraccións relativas aos sistemas de compensación e liquidación e rexistro de valores.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

1. O incumprimento por parte dos mercados regulados de ofrecer a todos os seus membros o dereito a designar o sistema de liquidación das operacións en instrumentos financeiros que realicen nese mercado nos termos previstos no artigo 25, cando tal incumprimento non constituía infracción moi grave.

2. O incumprimento das obrigacións impostas nos artigos 35 números 1 a 3, 36 números 1 a 3 e 37 números 1 e 3 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, en relación co acceso non discriminatorio a unha entidade de contrapartida central, o acceso non discriminatorio a un centro de negociación e o acceso non discriminatorio aos índices de referencia e obrigación de concesión de licenza, cando non constituían infracción moi grave.

3. A celebración polos organismos reitores ou membros dun mercado de acordos de compensación indirecta con respecto a derivados negociables nun mercado regulado que incumpran os requisitos previstos no artigo 30.1 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, cando tales condutas non constituían infracción moi grave.

Artigo 60. *Infraccións por incumprimento das obrigacións de transparencia e integridade do mercado.*

Son infraccións graves as seguintes accións ou omisións:

O incumprimento das obrigacións establecidas nos seguintes artigos do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, cando non sexan constitutivas dunha infracción moi grave:

a. Das obrigacións sobre transparencia pre e posnegociación establecidas no artigo 3 números 1 e 3, artigo 6 e artigo 8 números 1, 3 e 4, e artigo 10; e da obrigación de pór á disposición os datos pre e posnegociación contidos nos artigos 12.1 e 13.1.

b. Das obrigacións de transparencia dos internalizadores sistemáticos e das empresas de servizos de investimento que se axusten á definición de internalizador sistemático contidas no artigo 14 números 1 a 3; o artigo 15 números 1, 2 e 4, e o artigo 18, números 1, 2, 5, 6, 8 e 9; a falta de adopción de normas claras que regulen o acceso ás súas cotizacións, de conformidade co artigo 17.1; das exixencias de información posnegociación contidas nos números 1 e 2 do artigo 20, e nos números 1 a 3 do artigo 21; así como do almacenamento dos datos relativos á información para efectos de transparencia e doutros cálculos por parte dos organismos reitores que xestionen un centro de negociación recollido no artigo 22.2.

c. Das obrigacións de comunicación, publicación e facilitación de información establecidas nos artigos 26, números 1 a 7, artigo 27.1, artigo 31.2 e 3, e a publicación diferida por parte dun organismo reitor que xestione un centro de negociación de conformidade cos artigos 7.1 e 11.1 e 3 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014.

d. Das obrigacións de negociación para as empresas de servizos de investimento en determinados centros de negociación recollidas do artigo 23 números 1 e 2; do artigo 28, números 1 e 2, sobre a obrigación de negociación de determinados derivados en mercados regulados, SMN ou SOC; dos requisitos previstos no artigo 4.3 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014; o incumprimento da obrigación de compensación do artigo 29.1 e a falta de adopción, por parte das ECC, dos centros de negociación e das empresas de servizos de investimento que actúen como membros compensadores, de sistemas, procedementos e mecanismos efectivos, de conformidade co artigo 29.2 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014.

Artigo 61. *Infraccións por incumprimento das medidas adoptadas pola CNMV no exercicio da súa potestade supervisora, inspectora e de control e por reiteración de infraccións graves.*

É infracción grave a comercialización, distribución ou venda dun determinado instrumento financeiro ou a realización dun tipo de práctica ou actividade financeira cando fose prohibida ou restrinxida pola AEVM, EBA ou CNMV en virtude dos poderes de intervención outorgados polos artigos 40 a 42 do Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014, cando tal conduta non constituía infracción moi grave.

CAPÍTULO IV

Sancións

Artigo 62. *Sancións por infraccións moi graves.*

Pola comisión de infraccións moi graves imporase ao infractor unha ou máis das sancións previstas no artigo 302 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, ben que a de multa que recolle o primeiro inciso do número 1 do citado artigo será a maior das seguintes cantidades:

- a) 5.000.000 euros.
- b) O 10 por cento do seu volume de negocios total anual segundo as contas máis recentes dispoñibles aprobadas polo órgano de administración; se a entidade infractora é unha empresa matriz ou unha filial da empresa matriz que teña que establecer contas financeiras consolidadas, o volume de negocios total anual que se terá en conta será o volume de negocios total anual ou o tipo correspondente de ingresos segundo os actos legislativos sobre contabilidade pertinentes que figure nas contas consolidadas dispoñibles máis recentes aprobadas polo órgano de administración da empresa matriz última.

Artigo 63. *Sancións por infraccións graves.*

Pola comisión de infraccións graves imporase ao infractor unha ou máis das sancións previstas no artigo 303 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, ben que a multa que recolle o primeiro inciso do número 1 do citado artigo será a maior das seguintes cantidades:

- a) 2.500.000 euros.
- b) O 5 por cento do seu volume de negocios total anual segundo as contas dispoñibles máis recentes aprobadas polo órgano de administración; se a entidade infractora é unha empresa matriz ou unha filial da empresa matriz que teña que establecer contas financeiras consolidadas, o volume de negocios total anual que se terá en conta será o volume de negocios total anual ou o tipo correspondente de ingresos segundo os actos legislativos sobre contabilidade pertinentes que figure nas contas consolidadas máis recentes dispoñibles aprobadas polo órgano de administración da empresa matriz última.

Disposición adicional primeira. *Definicións.*

Para determinar o alcance dos conceptos contidos neste real decreto lei teranse en conta as definicións contidas na Directiva 2014/65/UE e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición adicional segunda. *Autoridades competentes.*

1. A Comisión Nacional do Mercado de Valores é a autoridade competente para efectos das facultades de autorización, supervisión, inspección e sanción previstas no Regulamento 600/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014,

relativo aos mercados de instrumentos financeiros e polo que se modifica o Regulamento 648/2012/UE, e do previsto na Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE.

2. Esta previsión entenderase sen prexuízo das competencias que poidan ter as comunidades autónomas en relación cos mercados de valores de ámbito exclusivamente autonómico.

Disposición adicional terceira. *Dos mercados regulados existentes.*

As bolsas de valores de Madrid, Barcelona, Bilbao e Valencia, incluído o Sistema de interconexión bolsista, así como os demais mercados regulados existentes na data de entrada en vigor deste real decreto lei, entenderanse automaticamente autorizados para os efectos previstos no artigo 2 do presente real decreto lei, sen prexuízo de que lles sexa de aplicación todo o previsto neste real decreto lei para os mercados regulados e nas disposicións do texto refundido citado. A CNMV asegurárase, en particular, de que eses mercados cumpren cantos requisitos resulten exixibles para a autorización de mercados regulados.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación da Lei do mercado de valores.*

Sen prexuízo do establecido na disposición derogatoria única, o réxime xurídico dos centros de negociación de valores españois e sistemas a que se refire este real decreto lei será, no non previsto nel, o contido no texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, se opoñan a este real decreto lei e, expresamente, os seguintes artigos: 44, 78, 79, 80, 81, 83, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 111, 112, 317, 318, 319, 321, 322, 323, 324, 325, 326, 327, 328, 329 e 330.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro*

Un. Engádesse un número 1 bis ao artigo 69 coa seguinte redacción:

«As normas de acceso que estipule cada mercado conterán, como mínimo, normas internas de funcionamento coas regras aplicables ás seguintes materias:

- a) A constitución e a administración do mercado regulado.
- b) As disposicións relativas ás operacións que se realizan no mercado.
- c) As normas profesionais impostas ao persoal das empresas de servizos de investimento ou entidades de crédito que operan no mercado.
- d) As condicións establecidas, conforme o disposto nesta lei, para os membros ou participantes distintos das empresas de servizos de investimento e das entidades de crédito.
- e) As normas e os procedementos para a compensación e liquidación das operacións realizadas no mercado regulado.»

Dous. Engádesse unha letra i) ao artigo 140 do seguinte teor:

- «i) a xestión de sistemas organizados de contratación.»

Tres. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 152.1.d) coa seguinte redacción:

«Ás axencias de valores que incorporen aos seus programas de actividades algún dos servizos de investimento previstos nas alíneas h) ou i) do artigo 140 desta lei seranlles de aplicación os requisitos de capital social mínimo previstos regulamentariamente para as sociedades de valores.»

Catro. O artigo 233.1.a) 1.º queda redactado da seguinte maneira:

«1.º As sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais, as entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación e dos sistemas organizados de contratación, as entidades de contrapartida central e os depositarios centrais de valores. Queda excluído o Banco de España.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase de conformidade co previsto no artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto lei incorpóranse parcialmente a Directiva 2014/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa aos mercados de instrumentos financeiros e pola que se modifican a Directiva 2002/92/CE e a Directiva 2011/61/UE, e a Directiva (UE) 2016/1034 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xuño de 2016, pola que se modifica a Directiva 2014/65/UE relativa aos mercados de instrumentos financeiros.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno poderá ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o 3 de xaneiro de 2018.

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY